

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 19 DE SETEMBRO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras

FAVORABLES.-

1433/05.- Inmobiliaria Domínguez Vázquez, S.A.- Legalización modificacións executadas na edificación sita no quintero 20 do Polígono 1 do SUP-5 da Choupana.-

883/05.- Feliciano Rilo Toubes.- Restauración de cuberta na R/ Cruceiro de Sar núm.16.-

800/05.- Cosbreixo, S.L.- Edificio (9 viv.) na U.A.-30 do PERI-7 de Pontepedriña.-

DENEGADAS.-

1366/05.- Fenurbe, S.L.- Edificio de viv. na Rúa da Estrada.-

PRÓRROGA.-

1570/05.- Plácido Herminio Forján Porto.- Legaliz. de ampliación de viv. unif. e movemento de terras na parcela 417 D en Vilariño, Vilestro.-

RECURSOS REPOSICIÓN.-

1914/04.- Manuel Seoane Ríos.- Arranxo de cuberta na R/ Sta Marta de Abaixo, 11.- (E).-

1366/03.- José Noya Fraga.- Ruína do inmovible sito na Rúa do vilar núm.25 (D).-

PARCELACIÓN.-

1759/05.- José Pombo Otero.- Parcela 148 do Polígono 515 da zona de Paradelas, Nemenzo (D).-

SUBSANACIÓN ERRO ACORDO COMISIÓN DE GOBERNO DE 17-06-02

1832/01.- Ramiro J. Ferreiro Barcia e D. Ramón Pérez Neira.- Edificio na parcela K-5 do SUP-4 de Conxo.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

1660/05.- José Ramón Lorenzo Creo, repr. Xunta de Compensación do SUNP-27, Polígono 1 de Piñeiro.....32.862.034 pta (197.504,80 €).

APERTURAS.-

Lap/212/05.- Decathlon España.- Venda de artigos deportivos no Polígono Costa Vella-Amio.-

5.- Adxudicación da prestación do servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano.

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa Tribugest, SA por un importe do 34% sobre os cobros realizados en período voluntario, IVE incluído.

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Persoal relativa á modificación da composición dos representantes do goberno municipal na Mesa Xeral de negociación.

Acórdase modificar a composición dos representantes do goberno municipal na Mesa Xeral de Negociación, substituíndo á concelleira Teresa Regulez Blázquez pola concelleira Mercedes Rosón Ferreiro, de xeito que a composición queda como segue:

-Xaquín Fernández Leiceaga, Concelleiro delegado de facenda e orzamentos. Delegado de transportes.

-José Ángel Baqueiro Caníbal, Concelleiro delegado de circulación e uso da vía pública. Concelleiro Delegado de seguridade cidadá. Concelleiro delegado de Festas.

-Bernardino Rama Seoane, Concelleiro delegado de infraestruturas e equipamentos. Delegado de servizos básicos (auga, saneamento e alumeados). Delegado de parques e xardíns.

-Mercedes Rosón Ferreiro, Concelleira delegada de rehabilitación e casco histórico. Concelleira Delegada de Centros Socioculturais.

-Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales, Concelleira delegada de persoal, réxime interior e reforma administrativa. Delegada de medio ambiente, limpeza e cemiterios.

7.- Proposta da Concelleira Delegada de Persoal relativa á modificación da composición dos representantes do goberno municipal no Comité de Seguridade e Saude Laboral.

Acórdase modificar a composición dos representantes do goberno municipal no Comité de Seguridade e Saúde Laboral, substituíndo á concelleira Teresa Regúlez Blázquez pola concelleira Mercedes Rosón, de xeito que a composición queda como segue:

-Xaquín Fernández Leiceaga, Concelleiro delegado de facenda e orzamentos. Delegado de transportes.

-José Ángel Baqueiro, Concelleiro delegado de circulación e uso da vía pública. Concelleiro Delegado de seguridade cidadá. Concelleiro delegado de Festas.

-Bernardino Rama, Concelleiro delegado de infraestructuras e equipamentos. Delegado de servicios básicos (auga, saneamento e alumeados). Delegado de parques e xardíns.

-Mercedes Rosón, Concelleira delegada de rehabilitación e casco histórico. Delegada de Centros Socioculturais.

-Marta Álvarez-Santullano, Concelleira delegada de persoal, réxime interior e reforma administrativa. Delegada de medio ambiente, limpeza e cemiterios.

8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Cultura relativa ao cubrimento de prazas na Banda municipal de Música.

Acórdase cubrir unha praza na especialidade instrumental de clarinete da Banda Municipal de Música mediante interinaxe.

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á autorización do uso gratuíto dun local nos baixos do estadio de San Lázaro, por mor da celebración do Rali-Botafumeiro.

Autorízase o uso do mencionado local.

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á autorización do uso do campo de Santa Isabel para realizar actividades futbolísticas.

Acórdase conceder o uso da instalación solicitada, con carácter gratuíto, durante a tempada 2005-2006.

12.- Dar conta pola Concelleira Delegada de Educación e Mocidade da concesión ao Concello de dúas subvencións.

Dáse conta dunha axuda concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o mantemento da Escola Municipal de Música para o curso 2005, que é de 9.368,57 euros, así como da subvención para a contratación dun animador sociocultural de 6.500 euros.

13.- Dar conta do Convenio entre o Concello e INCOLSA para a execución do Plano de competitividade turística de Santiago de Compostela, anualidade 2005.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, que contempla un orzamento de 345.541,00 euros.

14.- Propostas do Concelleiro Delegado de Facenda e Orzamentos relativas a diversas solicitudes de bonificación no Imposto sobre actividades económicas.

Acórdase conceder a Fornecementos Galegos SL a bonificación do 30% do imposto sobre actividades económicas para o período impositivo 2005, por cumprir os requisitos esixidos no artigo 3.2. da ordenanza Fiscal 1.05 reguladora do imposto para o disfrute do beneficio fiscal.

17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación do orzamento e actividades do "Día da Bicicleta-2005".

Acórdase autorizar a realización da devandita actividade así como o orzamento estimado da mesma, que ascende a 6.600 euros.

18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Cultura relativa á aprobación dun pagamento á "Agrupación de Libreiros de Santiago-Federación de Libreiros de Galicia", por mor da celebración da Feira do Libro-2005.

Acórdase aprobar o pagamento do importe co que a Concellería de Cultura do Concello colabora no desenvolvemento da citada actividade, que ascende a 6.000 euros.

20.- Aprobación da addenda ao Convenio de colaboración entre o Concello e RETEVISIÓN I para a mellora e extensión do servizo público esencial de televisión no municipio de Santiago de Compostela.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio para a mellora e extensión do servizo público esencial de televisión no municipio de Santiago, con data de 28 de decembro de 2004. O convenio terá unha duración de dous anos prorrogábeis por outros dous, se ningunha das partes o denuncia con tres meses de antelación ao seu vencemento.

21.- Sinalamento dos días de festas locais no municipio de Santiago de Compostela.

Acórdase sinalar como festas locais de Santiago para o 2006 o martes de Antroido (28 de febreiro) e o Día da Ascensión (25 de maio).

22.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e proxecto de seguridade e saúde das obras de reurbanización da Calzada de Sar.

Acórdase adxudicar a devandita asistencia técnica á empresa Javier Franco y Vicente Pintos Arquitectos, SL, por importe de 29.980 euros, IVE incluído.

24.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á prórroga e revisión de IPC do contrato de prestación do servizo de limpeza, vixilancia e conservación do pavillón polideportivo de Roxos-Villestro.

Acórdase prorrogar por un ano máis o contrato suscrito con Dolores Fraga Blanco a partir do 8 de outubro, así como a revisión do prezo de adxudicación conforme coa variación experimentada polo IPC no período correspondente.

25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para o proxecto de accesibilidade e supresión de barreiras en Santiago.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente de contratación de referencia, establecéndose un tipo de licitación de 13.379,39 euros, IVE incluído.

26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á adxudicación do servizo de realización e análise de enquisas aos visitantes e turistas.

O servizo de contratación informa de que a figura xurídica aplicable ao suposto de “servizos de realización e análise de enquisas aos visitantes e turistas” é a de contrato de servizos regulado no artigo 196.3 do TRLCAP, e en atención á súa contía, trátase dun procedemento menor que esixe o presuposto, aprobación do gasto e a incorporación, no seu momento, da factura correspondente.

27.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á adxudicación das obras de construción de vestiarios no campo de fútbol Manuel Paz sito en Lamas de Abade.

Adxudícanse as mencionadas obras á empresa TECMESA GALICIA S.L.L. por un importe de 25.800,24 euros, IVE incluído.

28.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación do servizo de ludoteca escolar itinerante.

Adxudícase a licitación de referencia á empresa Antaxurada SL por importe de 17.450 euros, IVE incluído.

29.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación do servizo de descarga a coidadores de persoas dependentes.

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa SERCO COMPOSTELA, por importe de 17.450 euros, IVE incluído.

30.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación do servizo de prevención, dinamización comunitaria e autoaxuda no ámbito da dependencia.

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa SERPRECO, por importe de 17.450 euros, IVE incluído.